



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E NOVE DE XANEIRO DE 2025, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CERNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE
	D ^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES
Secretaria	D ^a . MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de xaneiro de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia de D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de acta de sesión anterior (23/12/2024).

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada o día 23/12/2024 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Resolución de alegacións e aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo do concello de Veda (RPT) (Expediente núm. 2024/E004/000001)

Dáse conta do ditame da Comisión informativa de urbanismo e plans do día 27 de xaneiro de 2025.

O Pleno do concello, en sesión ordinaria celebrada o día 30.10.2024, aprobou inicialmente a modificación da relación de postos de traballo do Concello de Vedra (RPT), que se reflicte como Anexo I de dito acordo.

En cumprimento do disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG), someteuse o expediente á información pública por un prazo de 20 días a efectos de presentación de reclamacións, suxestións ou alegacións, contados dende o día seguinte á data de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincial (BOP núm. 214/24, do 06 de novembro).

Así mesmo o expediente publicouse no portal de transparencia do concello (https://sede.vedra.es/sxc/gl/portal_transparencia/)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Durante o período de exposición pública (do 07.11.2024/ 04/12/2024) presentáronse dúas alegacións, segundo conta na certificación expedida pola Secretaría do concello.

Á vista do informe xurídico e das valoracións dos postos revisados pola empresa de asistencia técnica J&L Tudo Consulting S.L, que constan no expediente, de acordo co disposto no artigo 64.2.k) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, en concordancia co artigo 22.2.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

Proponse ao Pleno:

PRIMEIRO.- Desestimar por falta de lexitimación , a alegación de dona M. J. R. O. (R.E. 202499900001249, do 15.11.2024) , dado que de acordo co disposto no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) non se considera interesada.

SEGUNDO.- Aceptar parcialmente a alegación de dona C. A. S. S. (R.E. 202499900001326, do 04.12.2024), asimilando o complemento específico do posto de Educador/a Familiar (4004) ao do posto 1002A, Técnico/a Local de Emprego e Servizos, coas modificacións que iso comporta.

TERCEIRO.- Aprobar definitivamente a relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vedra, que se achega como Anexo I.

CUARTO.- Publicar o presente acordo no BOP e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>) e remitir copia aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao disposto no artigo 202.3 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.

QUINTO.- Os efectos económicos da modificación da relación de postos de traballo terán lugar dende o 1 de xaneiro de 2025, excepto os asociados ao subgrupo dos postos de promoción interna, que terán efectos dende o momento en que os/as empregados/as sexan nomeados tras ter superado o proceso de promoción interna correspondente.

SEXTO.- Contra o presente acordo , que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor alternativamente o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un mes , a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou ben, directamente recurso contencioso –administrativo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo correspondente, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto no artigo 46 da lei 29/1988, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso -administrativa. No caso de interpoñerse recurso de reposición non se poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, anuncia o voto favorable do seu grupo, aínda que lle gustaría saber como foron as alegacións en si.

A Presidencia responde que na que foi estimada parcialmente xa aparece na resolución o motivo. En canto ao resto, di que pode consultar o expediente cando queira.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.



3º.- Aprobación inicial da derogación da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Vedra e aprobación da nova ordenanza (Expediente núm. 2024/G013/000001)

Dáse conta do ditame da Comisión informativa de economía e especial de contas do día 27 de xaneiro de 2025.

O Pleno do concello aprobou no ano 2012 a ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar (BOP núm. 25/2013, do 05 de febreiro), modificada no ano 2014 (BOP núm. 89/2014, do 13 de maio).

A Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas da Comunidade Autónoma de Galicia modificou expresamente o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, para adaptar a normativa autonómica ao disposto no Real decreto 675/2023, do 18 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1051/2013, de 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (BOE núm. 39/24, do 14 de febreiro), polo que cómpre actualizar os tramos de capacidade económica, intensidades en horas en función do grao e os copagamentos aplicables a cada grao de discapacidade en función dos novos tramos de capacidade económica.

Por outra parte, en canto á modalidade de libre concorrência, a variación das circunstancias socio –económicas da área de intervención á que vai dirixida este servizo, así como o considerable incremento do prezo/ hora, que pasou de 14 €/h a 25€/h, require a actualización das tarifas de copagamento aprobadas no ano 2013, de xeito que se introduzan tramos intermedios a maiores dos contemplados na ordenanza vixente, por considerar que se adaptan en maior medida ás capacidades económicas actuais así como a criterios de xustiza social.

Visto que as modificacións necesarias suporían unha reformulación de dito documento, ao tempo que é oportuno realizar a actualización da normativa, resulta preciso derogar a vixente ordenanza municipal do funcionamento do servizo e aprobar unha nova.

Visto o informe da secretaría de asesoramento legal preceptivo, en cumprimento do establecido no artigo 3.3 d) 1º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional,

Cumpridos os trámites esixidos na lexislación vixente, de conformidade co disposto nos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, proponse:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a derogación da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar aprobada no ano 2012 (BOP núm. 25/2013, do 05 de febreiro), modificada no ano 2014 (BOP núm. 89/2014, do 13 de maio) e aprobar unha nova ordenanza municipal, cuxo texto integro se achega como Anexo II.

SEGUNDO: Someter o presente acordo á exposición pública coa publicación mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Coruña (BOP) e no taboleiro de anuncios do concello por un prazo de trinta días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións no citado prazo considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.



Simultaneamente o texto íntegro da mesma estará a disposición para a súa consulta na páxina web do concello e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>).

TERCEIRO : Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia (BOP), sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación, de conformidade co disposto no artigo 70.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local.

A Presidencia di que este punto está ligado co seguinte da orde do día da sesión plenaria, polo que se debaterá neste punto e votaranse por separado.

É unha proposta do departamento de servizos sociais municipal. Existen dúas modalidades, a de dependencia e a de libre concorrência. Na de dependencia teñen a obriga de adaptar á actual normativa que emana doutras administracións, entre elas o que fai relación aos copagamentos.

Con independencia doutras propostas para a mellora deste servizo establecidas na ordenanza, hai que analizar a participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen o copagamento, basicamente axuda no fogar e libre concorrência. Ata agora había un copagamento que é unha porcentaxe, que ano a ano o que pagaba cada persoa usuaria, ía subindo porque se aplica sobre o prezo/hora.

O importante é ver a participación que se aplica segundo o IPREM e o nivel do IPREM das persoas usuarias. Neste apartado é onde os técnicos do departamento de servizos sociais manifestaron que se producían unha serie de inxustizas por un lado, e por outro lado un efecto disuasorio sobre todo naquelas persoas nas que o copagamento lles levaba a pagar entre 13 e 16 euros a hora.

En referencia ao IPREM, antes había oito niveis que supoñía un pago que variaba entre o 0%, 10%, 20%, 30%, 50%, 65%, 70% e 90%.

Isto provocaba que persoas usuarias estaban pagando unha porcentaxe máis alta do que deberían pagar, e agora pagan unha porcentaxe máis baixa, e outras con rendas máis altas non entraban no servizo.

Cando se establecen estes copagamentos a maioría das persoas estaban en pensións baixas, a maioría procedente da agraria. Hoxe en día moitas delas xa están co réxime xeral e por tanto, con pensións por enriba dos 1.000 euros, co cal se o pagamento vai por enriba dos 12/15 euros hora, a xente non acode ao servizo.

Dos oito tramos que había antes, agora propóñense quince tramos. Por exemplo, os que estaban ata agora entre o 125/150% do IPREM, tiñan un copagamento do 20%. Agora os que están entre o 115/130% teñen un copagamento do 15%; e os do tramo 130/150% un copagamento do 17%, é dicir inferior ao que tiñan antes.

Os que estaban entre o 150/175% do IPREM tiñan un copagamento do 30%. Agora teñen un 20, 25 e 30% aquelas persoas usuarias que chegan ao 200% do IPREM. Os que estaban antes no tramo entre 175/200% tiñan un copagamento do 50% e agora sería dun 30%.

É un reparto máis social porque se baixan as porcentaxes segundo o nivel de renda.

Se se analizan as dezaioito persoas que están dentro dese grupo, resulta que a porcentaxe de copagamento seguiría igual en catro delas, baixaría en dez persoas e subiría en catro, do 10% ao 12%.



Entende que é unha proposta beneficiosa para os veciños de Vedra e por iso solicita o voto a favor.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que o seu grupo entende a modificación da ordenanza vixente dende o ano 2012, pero non entende a modificación de tramos. O grupo de goberno debería traer un informe real acompañando esta modificación. Pregunta se eses tramos medios van supor un servizo máis eficiente ou se vai seguir pasando como ata agora que os tramos máis altos non se acollen ao servizo.

Anuncia a abstención do seu grupo.

Intervén dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo vaise abster. Bota de menos un informe onde se explique a porcentaxe de persoas usuarias ás que lle baixa, sobe ou se mantén o prezo.

Posta a votación apróbase con oito votos a favor do PP e cinco abstencións do BNG e PSdeG-PSOE.

4º.- Aprobación inicial da derogación de ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar e aprobación da nova ordenanza (núm. 17) (Expediente núm. 2025/G015/000001)

Dáse conta do ditame da Comisión informativa de economía e especial de contas do día 27 de xaneiro de 2025.

O Pleno do concello en sesión ordinaria celebrada o 21.11.2012 aprobou a ordenanza fiscal núm. 17 reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar (BOP núm. 84/13, do 03 de maio e BOP núm. 89/14, do 13 de maio).

Tendo en conta que á vista da normativa actual e a variacións das circunstancias socio – económicas da area de intervención á que vai dirixido o servizo, se elaborou unha nova ordenanza municipal que regula a prestación do Servizo (NNFF), incluíndo na mesma a normativa para determinar a capacidade económica do sistema de atención ás persoas usuarias da dependencia, así como a das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento e a participación destas persoas usuarias no financiamento do servizo.

Visto que as modificacións necesarias para adaptar a ordenanza fiscal reguladora da prestación do servizo á nova normativa de funcionamento do servizo suporía unha reformulación completa do texto da mesma, resulta preciso derogar a vixente ordenanza fiscal e aprobar unha nova ordenanza que remita parte do seu clausurado á ordenanza reguladora do servizo.

Visto o informe da secretaría de asesoramento legal preceptivo, en cumprimento do establecido no artigo 3.3 d) 1º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Á vista da documentación que obra no expediente 2025/G015/000001 e unha vez cumpridos os trámites esixidos na lexislación vixente, de conformidade co disposto no artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónse:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a derogación da ordenanza fiscal reguladora do servizo de axuda no fogar aprobada polo pleno da corporación en sesión celebrada o 21.11.2012 (BOP núm. 84/13, do 03.05 e BOP núm. 89/14, do 13 de maio)



SEGUNDO.- Aprobar inicialmente a nova ordenanza fiscal reguladora do servizo de axuda no fogar, cuxo texto se achega como Anexo III.

TERCEIRO: Someter dito acordo á exposición pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Coruña (BOP), por trinta días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O texto íntegro da nova ordenanza aprobada con carácter provisional estará a disposición para a súa consulta na páxina web municipal (www.concellodevedra.es) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>). Finalizado o período de exposición pública, adoptarse o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se tiveran presentando e aprobando a súa redacción definitiva á que se refira o acordo provisional. No caso de non terse presentado reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario,

CUARTO : Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro da ordenanza fiscal no Boletín Oficial da Provincia (BOP), sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación, de conformidade co disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Posta a votación apróbase con oito votos a favor do PP e cinco abstencións do BNG e PSdeG-PSOE.

5º.- Acordo sobre participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS +2025 (plan único de concellos) (Expediente núm.2024/A008/000035)

Dáse conta do ditame da comisión informativa de urbanismo e plans do día 27 de xaneiro de 2025.

Á vista das bases reguladoras do Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS +2025, aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión de data 29.11.2024 (BOP núm. 233/24, do 03 de decembro), a Presidencia dá unha explicación do contido da seguinte proposta que se somete a ditame da comisión informativa:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2025”, “e con cargo á achega provincial 2024”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devindiquen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	280.015,13
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	113.966,20
Subtotal gasto corrente	393.981,33

B) Financiamento de investimentos:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado con dedución (só abastecemento auga potable)	Total Concello	
Proxecto de reforma de camiños en Sales, Sarandón, Vilanova e aparcadoiro en Ponte Ulla	157.813,18	0	0	0	157.813,18
Subtotal investimentos achega provincial 2024	157.813,18	0	0	0	157.813,18

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C.- Resumo.

POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE Soportado con dedución (só abastecemento auga potable)	Total concello	
A-GASTOS CORRENTES	Achega 2025	280.015,13				280.015,13
	Achega 2024	113.966,20				113.966,20
B- INVESTIMENTOS	Achega 2025	0	0	0	0	0
	Achega 2024	157.813,19	0	0	0	157.813,19
C.- TOTAL.	Achega 2025	280.015,13	0	0	0	280.015,13
	Achega 2024	271.779,39	0	0	0	271.779,39
	TOTAL	551.794,52	0	0	0	551.794,52

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial 2025)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado con dedución)	(C= A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre columna A e a B)
Reforma de camiños en Illobre, San Miguel e San Mamede	141.881,21	0,00	141.881,21
Ampliación da rede de saneamento en Paradela (San Xián de Sales)	83.102,10	0,00	83.102,10
TOTAIS	224.983,31	0,00	224.983,31

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

A Presidencia di que é o POS provincial da Deputación que xunto co plan complementario que xa se aprobou permite nun momento dado se se quixese variar, ben porque hai máis financiamento ou ben por querer cambiar a proposta de obras. Tamén obrigan a determinar agora o que se quere facer co POS complementario.

Son cifras superiores ás do ano pasado. Hai unha cantidade importante que se destina a gasto corrente, porque como todos os concellos, o mantemento dos servizos é máis complexo.

No POS principal é unha cifra de case 552.000 euros e calcula que estarán por enriba dos 200.000 euros no complementario. En gastos hai preto de 400.000 euros e en canto a propostas de obras, hai que investir na reparación e mantemento de pistas. É decisión do equipo de goberno facer os regos con medios propios e a partires de agora o que se aprobe nos plans serán aglomerados.



As propostas que se fan neste POS principal son: completar a pista que vai dende A Ferreira ata Lestedo; a de San Pedro de Sarandón dende a AC-241 a Cubelas, e a de Vilanova que vai cara Merín dende A Gaiosa. Tamén se incluíu o que aparece como aparcamento de Ponte Ulla, que é unha pista que está no centro xunto ao campo da festa que agora está en terra na que se producen arrastres coas choivas fortes, e procede aglomerala para dar servizo para aparcamento e tamén para aparcamento de caravanas do que se falou no seu momento.

No Complementario van as pistas en Illobre dende O Terrón cara a igrexa; e dous tramos máis, un que une Socastro con Santa Cruz e a que une a AC-241 co campo da festa de San Miguel. Tamén van completar o saneamento nas zonas onde hai depuradoras, neste caso un tramo en Paradela (San Xián).

Solicita o voto a favor.

O Sr. Pose, do BNG, di que non dubidan de que esas pistas necesiten reparación. Repite o mesmo dende hai dez anos; seguen co mesmo problema porque non teñen un plan director. Aprobárono un no seu momento e tiveron que renunciar a el porque quedaron sen cartos. Planificar centos de miles de euros anualmente por cuestións subxectivas sen unha planificación seria, sen unha revisión das densidades de tráfico, sen absolutamente nada, provoca que o BNG non queira participar diso. Ao final terminan reparando pistas dependendo de se en certa parroquia hai máis ou menos afinidade política e outros motivos subxectivos.

Preocúpalle o proxecto de saneamento que van facer para Vedra, porque a minidepuradora de Vedra non dá para todo Vedra. Recórdalles o cálculo que lles deu; esa depuradora non chega para 500 habitantes equivalentes e son 2.000 habitantes equivalentes.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, considera que son obras necesarias, pero bota en falta un proxecto cuns obxectivos claros. Entende que son obras fundamentadas en peticións dos veciños, asociacións de veciños, etcétera, pero pregunta por que unhas se fan e outras non e cal é prioridade principal. Considera que debería haber un documento obxectivo, con obxectivos moi claros.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP, tres votos en contra do BNG e dúas abstencións do PSdeG-PSOE.

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- En canto ao uso do local de San Mamede por parte dos veciños, cre que xa están utilizando a parte de abaixo. O local é para uso parroquial fundamentalmente.

2º.- Respecto a cando se van por composteiros nos núcleos urbanos e empresas e como vai ser a recollida deses residuos orgánicos, di que como xa dixeron no seu momento, coa progresiva implantación dos composteiros e chegar a esa cifra do 90%, si é certo que hai unha porcentaxe nos edificios e pisos onde non teñen a posibilidade de facer a compostaxe ou en grandes xeradores de orgánico (hai empresas que xa teñen que tratar eles os seus restos orgánicos), xa se repartiron os contedores marróns. Aínda non están en funcionamento. A idea é facelo ao longo deste ano, pero están esperando a que a normativa lles permita tratar iso a través da agrocompostaxe. É dicir, en vez de levalo á planta de tratamento en Silleda, tratalo a través de agrocompostaxe en Vedra e aforrar custes e serían máis sostibles e contribuirían á mellora do medio ambiente e clima.



Dona Yolanda Vieiro, do BNG pregunta se hai algún plan de agrocompostaxe e a Presidencia contesta que normativamente aínda non está habilitado. Tiveron unha reunión coa consellería respectiva, formuláronlle a proposta e están pendentes da resposta.

3º.- Sobre o convenio para o arranxo do centro de saúde, di que o Consello da Xunta de Galicia aprobou o luns desta semana acometer a reforma do mesmo por un importe de 542.000 euros. Está pendente o proxecto de execución, a adxudicación e a execución do mesmo. No convenio figura que hai que executalo neste ano, pero son conscientes de que probablemente se prorrogue, porque hai que estudar como se vai prestar a asistencia sanitaria durante as obras.

4º.- Respecto ao custe da iluminación de Nadal, di que foron 7.241,85 euros con IVE.

5º.- Sobre as reunións para atopar solucións ao tema da vivenda, cre que se debería retomar e así o farán nos próximos meses.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a un pagamento dun proceso de indemnización a Rosario Canicoba Castro por un despedido improcedente en cumprimento dunha sentenza do Xulgado nº 1 de Santiago, di que o 31 de decembro de 2023 é a data de remate do último contrato que se asinara con esa traballadora que facía o labor de técnico de turismo, que só estaba financiado 4/5 meses pola Deputación de A Coruña. O concello de Vedra non pode ter un técnico de turismo durante todo o ano porque é inviable economicamente.

Comunicáronlle á traballadora en tempo e forma a terminación do seu contrato, e esta non está de acordo e acode aos tribunais. O 31 de outubro de 2024 o xulgado dita sentenza por despedido improcedente e o concello opta por indemnizar.

O Sr. Pose pregunta se a traballadora só traballou catro meses para o concello, ao que a Presidencia responde que foi todo o ano.

-- Ás preguntas formuladas por dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto ao número de prazas vacantes efectivas na Escola Infantil Municipal, di que hai unha praza na aula mixta de 1-3 anos. Isto realmente quere dicir que hai tres libres que están reservadas porque hai nenos que ocupan unha dobre praza por unha declaración de discapacidade.

Na aula de 1-2 anos podería haber unha praza dispoñible só de mañá.

A aula de bebés está completa, pero podería haber pola tarde unha praza.

Na aula de 2-3 anos, por cuestións alleas ao concello, ao mellor hai unha vacante, pero aínda non se sabe.

7º.- Rogos e preguntas.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Volven ao mesmo problema do ano pasado respecto da Escola Infantil Municipal. Vai haber rapaces que non van ter praza na EIM. Se en xaneiro xa non hai prazas, os nados nos últimos meses van quedar fóra. Cre que deberían revisar en profundidade este tema.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2º.- Respecto á compostaxe, sorpréndelle que apareza agora unha nova fórmula que aínda non saben moi ben como vai ser. Coñece algúns concellos que xa hai 5,6 anos que fan cousas semellantes. Cre que deberían informarse e seguir a estela dos mesmos.

3º.- Pregunta cando se vai facer a nova licitación do SAF.

4º.- Tivo queixas dalgúns veciños pola modificación dos horarios de liñas de transporte. Non están de acordo cos cambios e sobre todo o porqué se produciron. Tamén lle faláron da posibilidade de autobuses a demanda. Non entende tanto cambio de horario agora se hai pouco tempo que se actualizaron os horarios. Solicita unha explicación ao respecto.

-- Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Pregunta pola licitación do SAF.

2º.- Roga que lle busquen unha solución ao tema das prazas na EIM. Do mesmo xeito que se alían para certos temas co concello de Boqueixón, e veciños de Boqueixón van á EIM de Vedra; ao mellor veciños de Vedra, aos que lles acaia ben Lestedo, poderían ir á gardería de Boqueixón. Deberían negociar para que os admitan no curso que vén, porque este ano non o fixeron.

Conclúe ao fio das vinte e unha horas e vinte e cinco minutos.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



ANEXO I

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO CONCELLO DE VEDRA

Cód.	Denominación do posto	F/L	Dot	C.D	C.E.	TP	FP	Clasificación del posto				Titulación académica	Formación específica	Observacións
								ADM	Grupo	Escala	Subescala			
1000	Secretario/a-Interventor/a	F	1	30/26	33.305,95 €	S	C	AE	A1/A2	HN	Secretaría-Intervención	Licenciatura/ Diplomatura/ Grao Universitario	-	-
1001	Técnico/a de Admón. Xeral	F	1	25	25.241,03 €		C	AL	A1/A2	AX	Técnica	Licenciatura/ Diplomatura/ Grao Universitario	-	(2)
1002	Técnico/a de Xestión	F	1	24/22	16.609,38 €		C	AL	A2/C1	AX	Xestión	Diplomatura/Grao Universitario ou Bacharelato/ Técnico		(2)
1002A	Técnico/a Local de Emprego e Servizos	F/L	1	24	12.555,12 €		C	AL	A2	AE	Técnica	Diplomatura/Grao Universitario	-	Antes código 1007 (3)
1002B	Axente de Desenvolvemento local	F/L	1	24	12.097,38 €		C	AL	A2	AE	Técnica	Diplomatura/Grao Universitario	-	Antes código 1008 (1) (3)
1004	Xefe Negociado Urbanismo	F	1	22	16.740,16 €		C	AL	C1	AX	Administrativa	Bacharelato/ Técnico	-	-
1004A	Administrativo/a Informático/a	F	1	16	6.866,08 €		C	AL	C1	AE	Técnica	Bacharelato/ Técnico		
1005	Administrativo/a	F	1	18	10.462,60 €		C	AL	C1/C2	AX	Administrativa	Bacharelato/ Técnico/ Graduado en ESO	-	(2)
1005A	Administrativo/a	F	1	18	10.462,60 €		C	AL	C1/C2	AX	Administrativa	Bacharelato/ Técnico/ Graduado en ESO	-	-
1005B	Administrativo/a	L	1	16	6.866,08 €		C	AL	III/IV	-	-	Bacharelato/ Técnico/ Graduado en ESO	-	Antes código 3003 (1) (2)
1009	Limpador/a	L	1	10	8.304,69 €		C	AL	V	-	-	Sen requirimento de titulación		Antes código 4007 (1)
2002	Arquitecto/a Técnico/a	F	1	26	15.955,47 €		C	AL	A2	AE	Técnica	Diplomatura/Grao Universitario	-	(1) (3)
3002	Técnico/a Xestión Cultural e Actividades	L	1	22	12.097,38 €		C	AL	II	-	-	Diplomatura/Grao Universitario	-	Antes código 3001
3004	Coordinador/a de Cultura	L	1	20	15.148,98 €		C	AL	III	-	-	Bacharelato / Técnico	-	(1)
3005	Administrativo/a Biblioteca e Arquivo	L	1	20	11.116,52 €		C	AL	III	-	-	Bacharelato / Técnico	-	Antes código 3002
4001	Traballador/a Social	F	1	26	23.540,86 €		C	AL	A2	AE	Técnica	Diplomatura/Grao Universitario	Traballo Social	-
4004	Educador/a Familiar	L	1	24	12.555,12 €		C	AL	II	-	-	Diplomatura/Grao Universitario	-	Antes código 4005 (1)
4005	Administrativo/a	F	1	16	9.808,69 €		C	AL	C1/C2	AX	Administrativa	Bacharelato/ Técnico/ Graduado en ESO	-	Antes código 4003 (2)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



4006	Monitor/a Ludoteca	L	2	14	5.013,33 €		C	AL	IV	-	-	Graduado en ESO	-	Antes código 4004 (1)
4008	Auxiliar de Axuda no Fogar	L	5	10	6.190,37 €		C	AL	V	-	-	Sen requirimento de titulación	-	Antes código 4006 (4)
5001	Encargado/a Obras e Servizos	L	1	14	8.566,26 €		C	AL	IV	-	-	Graduado en ESO	-	-
5007	Condutor/a Operario/a (Encargado/a)	L	1	14	7.716,17 €		C	AL	IV	-	-	Graduado en ESO	-	Antes código 5002A
5007A	Condutor/a Recolledor/a Lixo	L	1	14	8.577,15 €		C	AL	IV	-	-	Graduado en ESO	-	Antes código 5003
5007B	Condutor/a Operario/a de Maquinaria e Servizos	L	1	14	8.533,56 €		C	AL	V	-	-	Sen requirimento de titulación	-	Antes código 5004 (1)
5007C	Albanel Oficial 2ª	L	1	12	6.451,94 €		C	AL	V	-	-	Sen requirimento de titulación	-	Antes código 5007 (1)
5008	Operario/a RSU	L	1	12	6.473,74 €		C	AL	V	-	-	Sen requirimento de titulación	-	Antes código 5005 (1)
5008A	Operario/a Brigada Verde e Servizos Varios	L	2	12	4.969,74 €		C	AL	V	-	-	Sen requirimento de titulación	-	Antes código 5006A (1)
5008B	Operario/a Servizos Varios	L	1	14	11.617,85 €		C	AL	V	-	-	Sen requirimento de titulación	-	Antes código 5006B (1)
5008C	Conserxe e Servizos Múltiples	L	1	12	6.0506,43 €		C	AL	V	-	-	Sen requirimento de titulación	-	Antes código 5006C (1)
6001	Encargado/a Protección Civil, mantemento de Espazos Naturais e Outros	L	1	14	8.566,26 €		C	AL	IV	-	-	Graduado en ESO	-	(1)

- (1) Aplicación neste posto da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público
 (2) Promoción interna
 (3) Posto ocupado por funcionariado ou persoal laboral
 (4) Persoal subrogado/cedido



ANEXO II

ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE VEDRA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, faculta aos Concello para a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II do Título I, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, **dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente**, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. Por outra parte a *Lei 10/2023, de 28 de decembro, de medidas fiscais y administrativas tamén modifica o citado Decreto 149/2013, de 5 de decembro pola necesidade de adaptar a normativa autonómica* ó disposto no Real decreto 675/2023, de 18 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1051/2013, de 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para la autonomía e atención a



dependencia, establecidas na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia.

[Orde do 2 de xuño de 2023 pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia.](#)

Decreto 142/2023 do 21 de setembro, polo que se regulan o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia do dereito as prestacións do Sistema par a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos competentes.

Orde do 30 de Novembro de 2023 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro do 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito as prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e procedemento dos órganos técnicos competentes.

Lei 5/2024 do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, pola que se modifica a Lei 13/2008 do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, engadindo o Título XI relativo ao procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e atención a dependencia e polo que se modifica o Decreto 142/2023 do 21 de setembro polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito as prestacións do Sistema para a Autonomía e a atención a dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de VEDRA, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a través da presente ordenanza.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.- Obxecto

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo Concello de VEDRA

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no concello de VEDRA

Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

1. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de



autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

2. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 4º.- Contido do servizo

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

- a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio, tales como:
 - I. Asistencia para levantarse e deitarse.
 - II. Tarefas de coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
 - III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
 - IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
 - V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal.
 - VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
 - VII. Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.
- b. Acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria:
 - I. Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.
 - II. Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.
- c. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda que incidan e axuden na mellora do contorno das persoas usuarias e da súa familia, tales como:
 - I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
 - II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.



- III. Preparación dos alimentos.
- IV. Lavado e coidado das pezas de vestir, así como do enxoval doméstico.
- V. Apoio á unidade familiar.
- VI. Coidados e mantemento básico da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico -profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

1. Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, as seguintes actuacións e servizos:

- a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b. Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.
- c. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- d. Adaptacións funcionais do fogar.
- e. Servizo de podoloxía.
- f. Servizo de fisioterapia.
- g. Terapia ocupacional.

1. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

1. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

2. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- a. A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención .
- a. Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 5º.- Persoas destinatarias

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de



atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva, educativa e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

1. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Artigo 6.- Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

- 1.- A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
- 2.- A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
- 3.- A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
- 4.- A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
- 5.- A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
- 6.- A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
- 7.- Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- 8.- A coñeceren a situación do seu expediente.
- 9.- A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
- 9.- Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
- 10.- Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Estar empadroadado no termo municipal de Vedra, agás no caso de trasladados.
2. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
3. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de



circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.

4. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
5. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
6. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
7. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
8. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
9. Participar no pagamento dos servizos sociais naqueles supostos concretos que se establezan nas normas que regulan o servizo e nas normas municipais correspondentes que o desenvolvan.
10. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

Artigo 8º.- Causas de extinción e modificación do servizo

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar as seguintes:
 - a. A renuncia da persoa usuaria.
 - a. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
 - b. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
 - c. Falecemento da persoa usuaria.
 - d. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
 - e. A falta reiterada de pagamento do servizo, durante 3 meses consecutivos ou tres alternos nun prazo de 6 meses.
 - f. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

1. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

1. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a iniciación por parte da entidade titular do servizo, dun



expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

Artigo 9º.- Causas de suspensión temporal do servizo

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrencia e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

1. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS

Artigo 10º.- Formas de prestación do servizo

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo Concello de Vedra ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Artigo 11º.- Requisitos específicos

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

1. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión das titulacións que estableza a normativa autonómica vixente en cada momento.



2. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

3. O Concello de Vedra e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
- b. Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable.
- c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Vedra e a persoa usuaria, segundo o Anexo III desta ordenanza.
- d. Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal. (Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais).

SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 12º.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o Concello de Vedra, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

1. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrencia, segundo o seguinte procedemento:

- a. Presentación da solicitude, segundo o anexo I desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello de Vedra, acompañada da seguinte documentación:
 - I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
 - II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.



- III. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde ou autorización para a consulta
- IV. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao de dependencia, de ser o caso ou autorización para a consulta.
- V. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:
 - a. Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente ou autorización para a consulta.
 - b. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan.
 - c. Certificado de bens mobles e/ou inmobles, xustificando rendementos, ganancias e perdas ou autorización para consulta.
 - d. Certificación bancaria do número de IBAN bancario, ao efectos do cargo da taxa correspondente pola prestación do servizo.
 - e. Información fiscal bancaria bancarias, valores e depósitos a 31 de decembro do ano anterior.
 - f. Xustificante de aluguer da vivenda o cota amortización hipoteca, de ser o caso.
 - g. Calquera outra documentación que sexa requirida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.
 - h. Certificado de empadramento e convivencia ou autorización para consulta do padrón municipal

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para emendar deficiencias; en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

a. As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo II.

b. O departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta que será elevado ao órgano competente para dítar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.

No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.

c. Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe - proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadenante. A desaparición desta,



levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

d. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo III desta ordenanza.

e. Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo de libre concorrência, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

Artigo 13º.- Desenvolvemento da prestación do servizo

1. O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrência. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.

1. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.

2. A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requirido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliar para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

3. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo III desta ordenanza.

4. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimestral.

5. Farase entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.

6. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

7. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.



Artigo 14º.- Intensidade na prestación do servizo

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico e que se detallarán no proxecto de intervención.

1. A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

2. Nos restantes casos, a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polo Traballador/a Social dos Servizos Sociais do Concello.

3. Como norma xeral o servizo prestarase de 7.00 a 22.00 horas, tendo a consideración de horario nocturno o que se puidese prestar fora das citadas franxas horarias, tendo este carácter excepcional, e requirindo, en todo caso, a previa valoración favorable dos servizos sociais.

5. As franxas horarias de atención, axustaranse as necesidades das persoas beneficiarias, non podendo superar, salvo excepción debidamente motivadas por prescrición dos servizos sociais, tres franxas diarias de atención, cunha duración mínima de 45 minutos, agás por prescrición dos servizos sociais.

6. A intensidade do servizo, por libre concorrencia, virá determinadas na prescrición efectuada polos correspondentes servizos sociais comunitarios, quedando excluídas as fins de semana o os días festivos. Para casos debidamente xustificados e de extrema necesidade, tanto a intensidade como o horario poderá variar, sempre que así sexa valorado, previamente, polo/a traballador/a social do Concello.

Artigo 15.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, así como a participación no custo do servizo, de conformidade co artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.



3. Establécese como mínimo vital ou contía mínima para gastos persoais e quedará integramente á disposición do seu perceptor unha contía equivalente ao 49% dos ingresos líquidos percibidos, calculados en cómputo anual.

Garantiráselle á persoa usuaria unha dispoñibilidade anual mínima de 2.653 euros, no suposto de que a persoa usuaria traballe nun centro especial de emprego, este importe será actualizado anualmente consonte a variación interanual do IPREM.

4. Nos ingresos da persoa usuaria non se terán en consideración como renda a contía das prestacións de análoga natureza e finalidade recollidas no artigo 31 da Lei 39/2006, do 14 de decembro. As ditas prestacións sumaranse á contía calculada de acordo cos criterios de participación do servizo ata o 100% do custe de referencia do servizo.

Artigo 16º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas (base imponible xeral mais base imponible do aforro). Descontarase o importe pagamento alugamento ou da cota de amortización da vivenda, sempre que o propietario ou arrendador sexa o usuario/a do servizo. Cando a capacidade económica da persoa usuaria, ou de algún membros da unidade de convivencia, só proveña da percepción de pensións, prestacións ou subsidios públicos o período que computará será os correspondentes cos da anualidade na que se cursa a solicitude.

1. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

2. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 17º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custe do servizo.

2. Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Capacidade (referenciada Ata)	ao	económica IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
			De 20h a 37h	De 38h a 64h	De 65h a 94h
100,00 %			0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %			4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %			5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %			5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %			5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %			5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %			6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %			6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %			6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %			6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %			6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %			6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %			6,73 %	14,36 %	21,97 %

3. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4. En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo, determinado en termos de prezo/hora.

5. No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:



% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

Artigo 18.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

Capacidade económica (Referencia ao IPREM) Ata:	Participación no custo do servizo SAF BASICO
--	---



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Menor o igual 0,80 do IPREM	0,00%
Maior do 0,80 e menor ou igual do 1,00 do IPREM	10,00%
Maior do 1,00 e menor ou igual do 1,15 do IPREM	12,00%
Maior do 1,15 e menor ou igual do 1,30 do IPREM	15,00%
Maior do 1,30 e menor ou igual do 1,50 do IPREM	17,00%
Maior do 1,50 e menor ou igual do 1,65 do IPREM	20,00%
Maior do 1,65 e menor ou igual do 1,80 do IPREM	25,00%
Maior do 1,80 e menor ou igual do 2,00 do IPREM	30,00%
Maior do 2,00 e menor ou igual do 2,15 do IPREM	40,00%
Maior do 2,15 e menor ou igual do 2,30 do IPREM	45,00%
Maior do 2,30 e menor ou igual do 2,50 do IPREM	50,00%
Maior do 2,50 e menor ou igual do 3,50 do IPREM	60,00%
Maior do 3,50 e menor ou igual do 4,50 do IPREM	70,00%
Maior do 4,50 e menor ou igual do 5,50 do IPREM	80,00%
Maior ao 5,50 do IPREM	90,00%

1. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

2. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Artigo 19º.- PROCEDEMENTO PARA A ACTUALIZACIÓN OU MODIFICACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA

1. Anualmente os servizos sociais comunitarias procederán á actualización da capacidade económica, para elo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no artigo 12 desta ordenanza tódolos membros computables da unidade de convivencia.



No caso de que algún membro integrante da unidade de convivencia non autorizase, ao Concello de Vedra á consulta dos datos aos efectos de verificar os datos sobre a súa situación económica, deberán achegar a documentación recollida na ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar.

Establécese como prazo de presentación de documentación ata o día 15 do mes de novembro.

2. As persoas beneficiarias do servizo que experimenten modificacións durante o exercicio deberán comunicar as variacións das circunstancias económicas e sociofamiliares que serviron para o recoñecemento da súa capacidade económica anterior. Esta comunicación deberá realizarse no prazo dos tres meses seguintes a que as modificacións sucedesen e acreditarse documentalente.

Unha vez valorada a modificación das circunstancias económicas e/ou sociofamiliares, o departamento de servizos sociais emitirá un informe proposta do novo copagamento, que será elevado ao Órgano municipal competente, para ditar resolución, que en todo caso será notificada ás persoas usuarias, tendo efectos económicos dende a data de resolución.

3. O departamento de servizos sociais emitirá un informe proposta do copagamento da persoas usuarias que será elevado ao Órgano competente municipal para ditar resolución, que en todo caso debe ser notificada ás persoas usuarias, tendo efectos económicos dende o 1 de xaneiro

Artigo 20º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de Vedra, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

Artigo 21º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, atenderan os requirimentos de coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios municipais e estableceran un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria dirixido aos servizos sociais comunitarios do concello, así como información actualizada da intervención levada a cabo.

Artigo 22º.- Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento da taxa regulada nesta ordenanza as persoas físicas usuarias do servizo de axuda no fogar prestado por este concello.

Artigo 23º.- Nacemento da obriga de pago

O réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo do servizo é o establecido polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

A obriga de pagar as taxas reguladas nesta ordenanza, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á



prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

1. Por parte do concello e, sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual cón importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

Artigo 24º. – INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

A actualización da capacidade económica correspondente a anualidade 2025 terá efectos dende a entrada en vigor da presente ordenanza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Normativa subsidiaria

No non previsto expresamente na presente Ordenanza, estarase ao disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e a Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar e posteriores modificación

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Vedra publicada no BOP núm. 25 do 5 de febreiro do 2013 e a súa modificación posterior publicada no BOP 89 do 13 de maio do 2014., así como calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor logo de que se publique integramente o seu texto no BOP e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e permanecerá en vigor ate a súa modificación ou derogación expresa.



ANEXO III

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 17 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO
SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

ARTIGO 1.- CONCEPTO

De conformidade co previsto no artigo 20 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, especificado nas tarifas comprendidas nos artigos 16 e 18 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar, e que se rexerán pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito, desta taxa a prestación efectiva do servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrència e do servizo de axuda no fogar ás persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, polo órgano competente da Comunidade Autónoma, se lle asigne a axuda no fogar na correspondente resolución do programa individual de atención (PIA) ou como respiro complementario doutro recursos ou prestación. A participación no servizo será esixible tanto se os servizos son prestados directamente, como de xeito indirecto a través das diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, establecidas na normativa reguladora dos contratos do sector público.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes da taxa reguladora na presente ordenanza:

a) As persoas recoñecidas como dependentes, ao abeiro da Lei 39/2006, do 14 de decembro e teñan recoñecido o servizo de axuda no fogar na correspondente resolución do programa individual de atención e estean dadas de alta no servizo.

b) As persoas que accedan ao servizo de axuda no fogar por libre concorrència e que sexan dadas de alta no servizo municipal de acordo ao estipulado na Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar.

Se a persoa beneficiaria carece da capacidade de obrar, dita obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal, ou no seu caso, sobre quen exerza de gardador de feito.

ARTIGO 4.-RESPONSABLES

1.-Responderán solidariamente das débedas as persoas ou entidades ás que se refire o artigo. 42 da Lei 58/2003 do 17 de decembro xeral tributaria.

1.2.-Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003 do 17 de decembro xeral tributaria

ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria será o resultado de aplicar o disposto nos artigos 16 e 18 para persoas usuarias da modalidade de Libre Concorrència e nos artigos 15 e 17 na modalidade de Dependencia respectivamente, da Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar.

ARTIGO 6.-NORMAS DE XESTION



6.1-As normas de altas modificacións e baixas na prestación do servizo son as recollidas nos artigos 8, 9, 12 e 13 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar.

6.-2- As taxas contempladas nesta Ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico durante a primeira quincena do mes seguinte.

6.3-Por parte do Concello elaborárase un recibo individual có importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria para que se efectúe o pagamento.

6.-4-O Concello de Vedra revisará e adaptará anualmente as porcentaxes correspondentes ás achegas das persoas usuarias segundo o contemplado no artigo 12 e 19 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar así como nas modificacións que poderán emanar dos órganos autonómicos correspondentes.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Vedra, publicada no BOP núm. 84/13, do 3 de maio, e a súa modificación posterior publicada no BOP núm. 89/14, do 13 de maio.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta ordenanza entrará en vigor o mesmo día da publicación do seu texto íntegro no BOP.